



AXUDAS PARA ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2017

A Universidade da Coruña (UDC), a través da súa Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC), xunto coa empresa Inditex SA, convoca axudas para realizar estadías predoutorais no estranxeiro durante o ano 2017. Estas axudas serán avaliadas de xeito competitivo e concederanse en función da dispoñibilidade económica da partida orzamentaria 04.00.47.00.01 422D 48700 “Estadías preodoutorais de investigación Inditex-UDC” 155.065,00 € dotada a través do “Convenio de colaboración entre a UDC e Inditex para a internacionalización dos estudos de doutoramento”, asinado o 9 de xullo de 2013.

Esta convocatoria aprobouse na reunión da Comisión de Seguimento deste convenio do 02 de febreiro de 2017.

1. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é facilitar a estudantes matriculados/as nun programa de doutoramento na UDC a estadía en centros de investigación no estranxeiro para realizar actividades beneficiosas para mellorar a súa formación así como impulsar o desenvolvemento da súa tese, de modo que poidan optar á mención internacional na súa tese de doutoramento.

A duración mínima da estadía subvencionada será de tres meses.

2. PERSOAS SOLICITANTES

Os/as solicitantes deberán estar matriculados/as a tempo completo nun programa de doutoramento na UDC.

As axudas distribuiranse tal como segue:

- O 80% das axudas destinarase aos/ás solicitantes con vinculación coa UDC a través dun contrato ou bolsa (diferente das que son obxecto deste programa) en vigor durante o período en que se desenvolva a estadía de investigación solicitada.
- O 20% das axudas asignarase aos/ás solicitantes sen vinculación coa UDC mediante contrato ou bolsa durante o período en que se desenvolva a estadía solicitada. Estes/as solicitantes deberán acreditar que estiveron matriculados/as nun programa de doutoramento na UDC polo menos un curso académico antes do actual 2016-2017.
- Do total das axudas, reservarase un 5 % para seren cubertas por persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %. No suposto de que calquera destas cotas non sexa cuberta, acumularase ás restantes axudas. A situación de discapacidade deberá acreditarse por medio de algún dos documentos que se indican no Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro (BOE do 16 de decembro de 2006).

Non poderán solicitar estas axudas:

- aquelas persoas que teñan vinculación contractual ou estatutaria con outra universidade, institución ou centro de investigación externo á UDC.
- os/as estranxeiros/as que teñan unha bolsa que corresponda a un programa de formación de estranxeiros en España. No caso de solicitudes de financiamento de estadías de



estranxeiros/as no seu país de orixe ou outro país en que tivesen vinculación contractual ou estudos previos, a Comisión de Seguimento valorará en cada caso a oportunidade e os obxectivos formulados para a estadía que a poidan xustificar.

- as persoas beneficiarias destas mesmas axudas na convocatoria de 2016.

Terán preferencia na concesión destas axudas os/as solicitantes que non fosen beneficiarios/as de calquera axuda pública para realizar as estadías predoutorais obxecto desta convocatoria.

As persoas beneficiarias destas mesmas axudas nas convocatorias de 2013, 2014 ou 2015 poderán solicitálas nesta convocatoria 2017, pero terán prioridade para a súa concesión aqueles/as solicitantes que non fosen beneficiarios/as delas anteriormente.

Con carácter xeral, os requisitos esixidos nesta convocatoria deben seguir vixentes na data de inicio do aproveitamento das axudas concedidas.

Para proceder ao pagamento, o/a solicitante debe estar ao corrente coa UDC no cumprimento das obrigas contraídas con ocasión de axudas ou anticipos concedidos.

3. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dirixíranse á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente segundo o formulario normalizado do anexo I e achegarán, ademais, a seguinte documentación:

I) Todas as persoas solicitantes deberán entregar:

1. Documento que acredite a admisión na institución ou centro para o que se solicita a estadía, no que conste a viabilidade de realizar o traballo proposto. Se o documento está en trámite, deberase acompañar a copia da correspondencia que se mantivo para tal fin.
2. Autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento da estadía fóra de España, necesaria para a inclusión da mención internacional no título de doutor/a.
3. Currículo da persoa solicitante no que se relaten de maneira ordenada os méritos alegados pola persoa candidata, de acordo cos criterios de avaliación.
4. Certificación académica de estudos de 1º, 2º e 3º ciclo, grao e mestrado, en que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias consumidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). As certificacións do expediente académico deben conter a **nota media do expediente** e a **media da promoción**. No caso de estudos realizados no Sistema Universitario Galego, estas medias serán calculadas segundo o Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos (Resolución do 15 de Setembro de 2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; DOG do 30 de Setembro). No resto dos casos, estas medias calcularanse segundo a normativa reguladora da nota media do Ministerio de Educación. No caso de estudos validados, deberase presentar unha certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe. Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico da persoa solicitante. As persoas que accedan ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estaren en posesión dun título de diplomado ou por ter realizado o 1º ciclo dunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para os efectos de determinar a media do expediente académico deberán achegar,



ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do 2º ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados. No caso de estudos realizados total ou parcialmente no estranxeiro, o certificado do expediente académico ou outro acompañando a este recollerá as cualificacións máxima e mínima dentro do sistema de avaliación correspondente; do mesmo xeito, farase constar a cualificación mínima necesaria para aprobar; ademais, deberá anexarse a equivalencia da cualificación media obtida a través de solicitude á ANECA (máis información en <http://notasmedias.aneca.es/>).

Os **estudos realizados na UDC** pódense acreditar coa **copia do expediente académico**.

As persoas solicitantes que posúan certificación académica expedida nun idioma distinto do español ou galego deberán acompañala da correspondente tradución xurada por un tradutor debidamente autorizado en España.

5. Informe xustificativo da estadía, co visto e prace do/a director/a da tese. Deberá incluír:
 - Xustificación do interese que a estadía representa para o desenvolvemento da tese. Debe indicarse a previsión de publicacións conxuntas como froito da estadía.
 - Un breve resumo do traballo da tese de doutoramento realizado ata o momento. Acompañarase, se for o caso, da copia das publicacións relacionadas con ela.
6. Xustificación de que os obxectivos da estadía se aliñan coas recomendacións feitas pola ANEP nos seus informes de avaliación individual e do grupo ou unidade de investigación, asinada polo/a coordinador/a.
7. Acreditación do nivel de coñecemento do idioma oficial do país onde realizará a estadía ou, no seu defecto, acreditación do nivel de coñecemento de inglés.

II) As persoas solicitantes con vinculación coa UDC a través dun contrato ou bolsa deberán entregar a seguinte documentación:

8. Licenza para os efectos de docencia e investigación para realizar a estadía. No caso dos investigadores contratados con cargo a proxectos, convenios ou contratos, a autorización será asinada polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.
9. Solicitude alta bancaria segundo impreso normalizado do Anexo V (só no caso de que o/a solicitante desexe variar os seus datos bancarios).

Os/as **bolseiros/as ou os/as contratados/as en formación** deberán entregar:

10. Copia da credencial (ou documento similar) que o/a acredite como bolseiro/a ou copia do contrato. A bolsa ou contrato debe estar vixente durante todo o período de realización da estadía para que poida ser tido en conta este mérito no proceso de avaliación.

Os/as **investigadores/as contratados/as con cargo a proxectos, convenios ou contratos** deberán entregar:

11. Copia do contrato, que deberá estar vixente durante todo o período de realización da estadía para que poida ser tido en conta este mérito no proceso de avaliación.
12. Autorización do/a investigador/a responsable do proxecto, convenio ou contrato con cargo ao que está contratado/a.



III) As persoas solicitantes sen vinculación coa UDC a través dun contrato ou bolsa deberán entregar a seguinte documentación:

13. Declaración de que estiveron matriculados/as nun programa de doutoramento na UDC polo menos un curso académico antes do actual 2016-2017.
14. Solicitud de alta bancaria segundo impreso normalizado do Anexo V.

IV) As persoas solicitantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán entregar a seguinte documentación:

15. Copia do documento acreditativo da condición de discapacidade (Real decreto 1414/2016).

4. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais desde o seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC https://sede.udc.gal/services/electronic_board.

Lugar de presentación das solicitudes:

- Oficina de Doutoramento, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol, Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo, Avenida de Vigo, s/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

No caso de optar pola presentación en algunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberase enviar copia do anexo I da solicitude debidamente cuberto por fax (981167198) ou correo electrónico (oficina.doutoramento@udc.es).

Non son válidos para a presentación das solicitudes nin para o cómputo de prazos os rexistros de centros nin de departamentos.

5. NATUREZA E CONTÍA

Nesta convocatoria soamente se poderá conceder **unha axuda por cada persoa solicitante**.

O importe será establecido pola Comisión de Seguimento, en función do lugar de destino. Os importes máximos e mínimos que figuran no anexo II desta convocatoria estipulan unha cantidade única a percibir polas persoas beneficiarias para cubrir gastos de viaxe e estadía.

A **duración mínima das estadías** subvencionadas é de **tres meses**. As estadías deberán realizarse ou terse realizado integramente no ano 2017.

6. SEGUROS

Os/as solicitantes deberán dispoñer dunha cobertura de seguro adecuada para realizar a súa estadía. Os/as solicitantes serán os/as responsables de contratar os seguros necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estadía. En particular, débese ter en conta o seguinte:

- **Cobertura de seguro médico.** A cobertura do seguro médico é obrigatoria. Os/as solicitantes que realicen a súa estadía dentro dun estado membro da Unión Europea poderán



obter a súa cobertura se dispoñen da Tarxeta Sanitaria Europea (TSE). No resto das estadías, o/a solicitante será responsable de contratar un seguro médico privado válido para a cobertura en destino de toda a estadía.

- **Outros seguros.** Recoméndase a todos/as os/as solicitantes que realizan a estadía contratar adicionalmente un seguro de asistencia en viaxe e repatriación coas seguintes coberturas mínimas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do/a asegurado/a falecido/a, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía de familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción de familiar, desprazamento de familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil.

7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Seguimento avaliará e seleccionará as solicitudes presentadas nun prazo non superior a dous meses a partir da data de remate dos prazos de presentación.

Criterios de avaliación:

- Expediente académico de grao ou 1º e 2º ciclo: ata un máximo de 5 puntos.
- Expediente do mestrado oficial ou 3º ciclo: ata un máximo de 2 puntos.
- Premio extraordinario da titulación: ata un máximo de 1 punto.
- Situación actual:
 - Bolseiro/a FPU, FPI ou outro tipo de bolsa competitiva vixente durante todo o período da estadía: 1,5 puntos.
 - Contratado/a con cargo a proxecto de investigación da UDC con contrato vixente durante todo o período da estadía: 1 punto.
- Outros méritos: máximo 1 punto. Valoraranse só os seguintes:
 - Mestrado universitario (diferente ao que deu acceso aos estudos de doutoramento): ata 0,25 puntos por cada mestrado (ata un máximo de 0,5 puntos).
 - Nivel de coñecemento do idioma oficial do país onde realizará a estadía ou, no seu defecto, nivel de coñecemento de inglés (ata un máximo de 0,75 puntos).

A Comisión de Seguimento poderá arbitrar mecanismos e criterios adicionais, se for o caso, para avaliar e seleccionar as solicitudes presentadas.

A Comisión de Seguimento clasificará as solicitudes admitidas por ámbitos de coñecemento científico e poderá levar a cabo un axuste do resultado coa finalidade de manter unha proporcionalidade do número de axudas concedidas coas solicitudes nos respectivos ámbitos.

8. PROCEDIMENTO PARA O PAGAMENTO

O 70% da axuda farase efectiva á persoa beneficiaria no prazo dun mes desde a publicación da resolución de concesión.

O 30% restante aboarase no prazo dun mes a contar desde a recepción na EIDUDC da documentación que refire o punto (h) do apartado OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS, que lle dará o visto bo e procederá a comunicalo á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente encargada da tramitación do pagamento. De non se cumprir esta condición no prazo establecido, perderase automaticamente o 30%. Se, unha vez



transcorrido outro mes, non se cumpre esta condición, considerarase que a persoa beneficiaria renuncia e deberá reintegrar o total do importe concedido.

Estas axudas, de acordo co apartado segundo do artigo 7.j da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, están exentas deste imposto.

9. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible con calquera outra obtida para a mesma finalidade desta convocatoria. Porén, como se trata dunha axuda parcial, pódese complementar o custo da estadía a cargo de proxectos de investigación en que participe a persoa solicitante (ou outros fondos de investigación) que estean relacionados directamente con esta acción e que recollan este concepto, sempre que o importe das cantidades percibidas, illadamente ou en concorrencia, non superen o custo total da actividade subvencionada.

10. RENUNCIA

As renuncias das persoas beneficiarias que se produzan nos tres meses seguintes á publicación da resolución de concesión poderán ser cubertas, por resolución da Comisión de Seguimento, coa adxudicación de novas axudas ás persoas solicitantes pola orde de reserva establecida.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Antes da partida:

- a) Solicitar axudas nas convocatorias públicas para a mesma finalidade que puidesen facer en 2017 outros entes públicos ou privados, especificamente as da Xunta de Galicia, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte e o Ministerio de Economía e Competitividade.
- b) Comprometerse por escrito (véxase o anexo III), co visto e praxe do/a director/a da tese, a que a súa defensa se tramitará de conformidade coa normativa da mención internacional (artigo 40 do Regulamento de estudos de doutoramento da UDC).
- c) Non se poderá modificar o destino solicitado unha vez concedida a axuda, salvo excepcionalmente por causa motivada e co visto e praxe da Comisión de Seguimento.
- d) Notificar expresamente calquera cambio nas condicións da estadía subvencionada antes de que este se produza, mediante escrito dirixido á EIDUDC para a súa autorización. Este escrito acompañarase do informe favorable da Comisión Académica do programa de doutoramento en que a persoa beneficiaria estea matriculada, do centro ou instituto de acollida e, se for o caso, do/a director/a do proxecto de investigación.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

- e) No caso de estadías en centros da Unión Europea, presentar na EIDUDC copia da Tarxeta Sanitaria Europea. No caso de estadías en centros fóra da Unión Europea, contratar o seguro médico ao que se refire o apartado SEGUROS da presenta convocatoria e presentar copia da póliza contratada na EIDUDC. Igualmente, o/a solicitante debe valorar a conveniencia de contratar outros seguros que cubran eventuais riscos que puideren xurdir durante a mobilidade, conforme ás recomendacións contidas en dito apartado.



Durante a estadía no centro de destino:

- f) Comunicar á EIDUDC a súa incorporación á institución ou centro de destino dentro dos vinte días seguintes á data en que se produza, indicando o enderezo postal para os efectos de notificacións e, de ser o caso, o enderezo electrónico. De non comunicar a incorporación no prazo citado, entenderase que renuncia á axuda concedida.
- g) Axustar a súa actuación ás normas do centro de investigación ao que se incorporen e desempeñar a súa actividade en réxime de dedicación exclusiva.

Tras o remate da estadía:

- h) No prazo dun mes tras o remate da estadía, remitir á EIDUDC a seguinte documentación:
 - Informe do traballo realizado segundo modelo do anexo IV, que conteña os resultados obtidos e onde se faga constar a conformidade da persoa directora do traballo ou, de ser o caso, a da persoa directora da institución ou centro onde se desenvolveu a estadía. Asemade, indicarse a previsión de publicacións resultantes da estadía. Este informe deberase remitir tamén en formato electrónico (.doc ou .pdf, non escaneado) ao enderezo: oficina.doutoramento@udc.es
 - Certificado da estadía emitido pola persoa representante legal da institución ou centro de destino en que consten as datas de inicio e finalización da estadía e que deberá contar co visto e prace da persoa responsable do equipo ou grupo científico receptor.
 - No caso de se complementaren os custos da estadía con cargo a proxectos ou outros fondos de investigación, deberase presentar un certificado de gastos coas imputacións ás diferentes partidas orzamentarias e co visto e prace do/a responsable de asuntos económicos do centro. De non se complementaren os custos de viaxe, deberase entregar unha declaración neste sentido asinada pola persoa beneficiaria.

O incumprimento desta obriga poderá ocasionar o reintegro das cantidades recibidas.

Se a duración da estadía realizada é inferior á prevista na resolución de concesión da axuda, deberase reintegrar a parte da axuda proporcional ao período non realizado.

- i) Comunicar á EIDUDC a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado de calquera nacionalidade, así como a utilización de fondos propios.
- j) Facer constar nos agradecementos dos traballos ou publicacións resultantes da estadía de investigación o financiamento recibido a través desta convocatoria INDITEX-UDC.

12. RESOLUCIÓNS E ALEGACIÓNS

Publicación da relación de solicitudes admitidas

A listaxe de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC https://sede.udc.gal/services/electronic_board e na páxina web da EIDUDC <http://www.udc.gal/eid/axudaspredoutorais/>

Nestas páxinas web publicaranse aquelas solicitudes pendentes de completar documentación, que disporán de dez días naturais a partir da data de publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC para achegar os documentos preceptivos. No caso de non o facer, considerarase desistida na súa petición.



O non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será unha causa de desestimación da solicitude.

Publicación da proposta de concesión e resolución definitiva

A proposta de concesión publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC https://sede.udc.gal/services/electronic_board e na páxina web da EIDUDC <http://www.udc.gal/eid/axudaspredoutorais/>

Contra esta proposta, no prazo de dez días naturais desde a data da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, as persoas solicitantes poderán presentar alegacións nos mesmos lugares de presentación das solicitudes.

Transcorrido este prazo e resoltas as alegacións, a proposta remitirase á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, que resolverá definitivamente por delegación do reitor.

Contra a resolución definitiva, que se publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e na páxina web da EIDUDC, as persoas interesadas poderán presentar un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A Comisión de Seguimento resolverá todas as alegacións e incidencias que xurdiren na aplicación desta convocatoria.

Para máis información:

Oficina de Doutoramento

Teléfono: 981 167 000 ext. 2364

Correo electrónico: oficina.doutoramento@udc.es

A Coruña, 20 de febreiro de 2017

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2017

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS:

NOME:

NIF:

DOMICILIO PARTICULAR:

- BOLSEIRO/A OU CONTRATADO/A EN FORMACIÓN
 CONTRATADO/A CON CARGO A PROXECTO/CONVENIO/CONTRATO
 OUTROS (PROFESOR/A NON DOUTOR/A...)

CENTRO DE TRABALLO:

DEPARTAMENTO:

TELÉF. (EXT.):

Correo electrónico:

FOI BENEFICIARIO/A DESTA MESMA CONVOCATORIA EN ANOS ANTERIORES? SI NON

TRABALLO QUE VAI REALIZAR

TÍTULO:

DATOS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN QUE ESTÁ MATRICULADA A PERSOA SOLICITANTE

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:

DIRECTOR/ES DE TESE:

DATOS DO CENTRO A QUE SE VAI DESPRAZAR

CENTRO/UNIVERSIDADE:

FACULTADE /DEPTO./LABORATORIO:

ENDEREZO:

DIRECTOR/A DO TRABALLO:

CATEGORÍA PROFESIONAL:

DURACIÓN PREVISTA

COMEZO:

REMATE:

A Coruña, de de

(sinatura do/a solicitante)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE:

1. Todas as persoas solicitantes:

- Certificación, ou documento similar, que acredite que a persoa solicitante está oficialmente matriculada nun programa de doutoramento na UDC.
- Documento que acredite a admisión no centro para o que se solicita a estadía. Será necesario que neste documento se faga constar a viabilidade de realizar o traballo proposto. Se este documento está en trámite, deberase acompañar copia da correspondencia que se mantivo para tal fin.
- Autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento da estadía fóra de España, necesaria para a inclusión da mención internacional no título de doutor/a.
- Currículo da persoa solicitante en que se relacionen de maneira ordenada os méritos alegados pola persoa candidata, de acordo cos criterios de avaliación.
- Certificación académica detallada de estudos de 1.º, 2.º e 3.º ciclo, grao ou mestrado da persoa solicitante. Nas certificacións do expediente académico, deberá aparecer a nota media do expediente así como a media da promoción.
- Xustificación do interese que a estadía representa para o desenvolvemento da tese de doutoramento xunto cun breve resumo do traballo realizado ata o momento na tese de doutoramento, co visto e prace do/a director/a da tese ou do traballo. Debe indicarse a previsión de publicacións conxuntas como froito da estadía. Debe incluírse tamén que os obxectivos da estadía se alían coas recomendacións feitas pola ANEP nos seus informes de avaliación individual e do grupo ou unidade de investigación e que esta contribuirá a mellorar os puntos débiles sinalados nos informes.
- Acreditación do nivel de coñecemento do idioma oficial do país onde realizará a estadía ou, no seu defecto, acreditación do nivel de coñecemento de inglés.
- Compromiso por escrito do/a solicitante e mais dos seus directores de tese de que a súa defensa se tramite ao abeiro da normativa da mención internacional (véxase o anexo III).

2. Persoas solicitantes con vinculación coa UDC a través dun contrato ou bolsa:

- Licenza para os efectos de docencia e investigación. No caso dos/as investigadores/as contratados/as con cargo a proxectos, convenios ou contratos, a autorización será asinada polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.
- Solicitud alta bancaria segundo impreso normalizado do Anexo V (so no caso de que o/a interesado/a desexa variar os seus datos bancarios).

Bolseiros/as ou contratados/as en formación:

- Copia da credencial (ou documento similar) que o/a acredite como bolseiro/a ou copia do contrato. A bolsa ou contrato deben estar vixentes durante todo o período de realización da estadía para que poida ser tido en conta este mérito no proceso de avaliación.

Investigadores/as contratados/as con cargo a proxectos, convenios ou contratos:

- Copia do contrato. O contrato deberá estar vixente durante todo o período de realización da estadía para que poida ser tido en conta este mérito no proceso de avaliación.
- Autorización do/a responsable do proxecto, convenio ou contrato con cargo a que está contratado.

3. Persoas solicitantes sen vinculación coa UDC a través dun contrato ou bolsa:

- Certificación, ou documento similar, que acredite ter estado matriculado/a nun programa de doutoramento na UDC polo menos un curso académico antes do actual 2016-2017.
- Solicitud alta bancaria segundo impreso normalizado do Anexo V.

4. Solicitantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Copia do documento acreditativo da condición de discapacidade.

O/a solicitante manifesta que son certos os datos desta solicitude e comprométese, no caso de obter a bolsa, a cumprir as condicións que se especifican nas bases da convocatoria.

A Coruña, de de
(sinatura do/a solicitante)

Asdo.



ANEXO II: CONTÍAS MÁXIMAS E MÍNIMAS

	Primeiros 90 días	A partir do día 91	Contía total máxima
Portugal	2.125 euros	20 euros/día	3.500 euros
Resto de Europa, América Latina, África	3.125 euros	26 euros/día	5.000 euros
Resto do mundo	4.125 euros	30 euros/día	6.000 euros



ANEXO III

O/a doutorando/a D./D.^a _____,
con DNI/NIE _____, e o/s director/es de tese D./D.^a _____
_____ con DNI/NIE _____,

comprométense a que a súa defensa se tramite ao abeiro da normativa de mención internacional.

No caso de que, dada a temática da tese, non proceda a súa defensa na modalidade de mención internacional, xustifíquese brevemente a continuación:

A Coruña, _____ de _____ de 2017

Asdo. : _____

Asdo. : _____



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO IV

AXUDAS ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2017

INFORME FINAL DA ESTADÍA

DATOS DO/A BOLSEIRO/A

APELIDOS		NOME		NIF/NIE	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA		CÓD. POSTAL	TEL. E ENDEREZO ELECTRÓNICO		
PROG. DOUTORAMENTO					
DIRECTOR/A DA TESE DE DOUTORAMENTO					
DEPARTAMENTO					
CENTRO					
CENTRO ONDE SE REALIZOU A ESTADÍA E NOME DO/A DIRECTOR/A DA INVESTIGACIÓN NESE CENTRO:					

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

(Véxase o punto h do apartado 11 da convocatoria sobre as obrigas das persoas beneficiarias)

- Informe do traballo realizado
- Certificado da estadía emitido pola persoa representante legal do centro de destino en que consten as datas de inicio e finalización da estadía.
- No caso de se complementaren os custos da estadía con cargo a proxectos ou a outros fondos de investigación, deberase achegar un certificado de gastos coas imputacións ás diferentes partidas orzamentarias e co visto e prace da persoa responsable de asuntos económicos do centro. De non se complementaren os custos de viaxe, achegarase unha declaración neste sentido asinada pola persoa solicitante.

A Coruña, de de 2017

Sinatura do/a bolseiro/a

V. e pr. do/a director/a da tese

**SRA. VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE
SR. DIRECTOR DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

AXUDAS ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2017

INFORME FINAL DO TRABALLO REALIZADO

- 1. Resumo do traballo de investigación realizado durante a estadía (máximo 2 páxinas).**
- 2. Resultados de investigación froito da estadía de investigación: publicacións ou previsión delas, ou outros resultados que poidan ser referenciados.**
- 3. Outras consideracións que o/a bolseiro/a queira agregar acerca da estadía (máximo ½ páxina).**
- 4. Conformidade do/a director/a da tese.**

A Coruña, ____ de ____ de 2017

O/a bolseiro/a:

O/a director/a da tese:



ANEXO V

ALTA BANCARIA AXUDAS ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC

1. DATOS PERSOAIS

Apelidos:		Nome:		NIF/NIE	
Data de nacemento:	Lugar de nacemento				
Enderezo:			Localidade	CP	Provincia
Enderezo electrónico			Teléfono:		Extensión

2. DATOS BANCARIOS

Datos bancarios																	
IBAN				ENTIDADE				SUCURSAL				DC	NÚMERO DE CONTA				
• Débese acompañar fotocopia IBAN do titular da conta																	

A Coruña, de de 2017
(Sinatura)